



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 5/2020, ORDINARIA, REALIZADA O XOVES 30 DE XULLO DE 2020 .

### ASISTENTES

#### **Presidenta:**

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

(Señora 1ª Tenente de Alcalde e Alcaldesa en funcións,  
por substitución do señor Alcalde por ausencia,  
segundo decreto 320/2020, do 20 de xullo de 2020)

#### **Concelleiros/as:**

##### **Grupo municipal da AdV de Carral**

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA  
RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ  
MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

##### **Grupo municipal do PP**

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO  
MARGARITA RAMILO VARELA  
CARLOS BARBEITO REY

##### **Grupo municipal do PSdeG-PSOE**

PABLO COUTO LOPEZ  
JESUS JAVIER CETINA MOCHALES  
LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO

##### **Concelleira non adscrita**

FLORINDA DUARTE GERPE

##### **Interventora do Concello**

NOEMI GONZALEZ MATO

##### **Secretario do Concello:**

DIEGO GARCIA DOVAL

### NON ASISTEN

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)  
DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO (PP)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello,  
Dª Sonia Campos Ares]

**HORA DE INICIO: 20:35**

**HORA DE REMATE: 21:58**



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:35 do xoves 30 de xullo de 2020, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 27 de xullo de 2020 e, tendo en conta o acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 5/2020, ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutive da sesión

- 1.- Aprobación, no seu caso, das actas das sesións anteriores cuxos borradores foron remitidos aos/ás membros da Corporación.
- 2.- Proposta da Alcaldía ao Pleno para a aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2020, previa resolución das reclamacións presentadas en relación coa súa aprobación inicial.

### Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

- 3.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 4.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.
- 5.- Rogos e preguntas.

---


### Parte resolutive da sesión

#### **1.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CUXOS BORRADORES FORON REMITIDOS AOS/ÁS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) a señora Alcaldesa en funcións pregunta se tiveron tempo de ver os borradores, e se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación ás actas das sesións nº 1/2020, ordinaria, do 30 de xaneiro de 2020, 2/2020, extraordinaria, do 10 de marzo de 2020, 3/2020, extraordinaria, do 01 de xuño de 2020, e 4/2020, extraordinaria, do 15 de xuño de 2020.

O señor Cetina Mochales (PSdeG-PSOE) manifesta que non atopou na acta da sesión 3/2020 a crítica que realizou o señor voceiro do PP á RISGA e pide que conste.

O señor Fernández Mouriño (PP) manifesta que confía no bo criterio do Secretario do Concello para determinar o que ten que aparecer nas actas.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Ao non realizarse ningunha observación, a señora Alcaldesa en funcións somete a votación as actas, e estas son aprobadas, sen prexuízo das observacións indicadas, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron ás sesións referidas entre os presentes nesta .

## 2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2020, PREVIA RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN PRESENTADAS EN RELACIÓN COA SÚA APROBACIÓN INICIAL.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 20 de xullo de 2020, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Aprobación definitiva do orzamento xeral do Concello para o ano 2020, previa resolución das reclamacións presentadas en relación coa súa aprobación inicial.**

Logo de formarse por esta Alcaldía o proxecto de orzamento xeral do Concello para o ano 2020, que contén os documentos esixidos polo artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), cunha consignación total de crédito para gastos por importe de 5.492.626,02 euros , e unha previsión total de ingresos por importe de 5.629.418,77 euros.


Logo de ver o informe económico-financieiro emitido con data do 25 de maio de 2020 por esta Alcaldía en relación con tal proxecto de orzamento, así coma senllos informes da Interventora do Concello, con data do 26 de maio de 2020, de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria (no que se indica que se cumpre tal obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais), e con data do 26 de maio de 2020 sobre a globalidade do proxecto de orzamento, no que conclúe que : "(...) Logo de ver a documentación que integra o expediente do proxecto do Orzamento Xeral do 2020, esta Intervención INFORMA as seguintes conclusións:

- 1.- O proxecto do orzamento reúne a documentación esixida pola lexislación vixente e se presenta parcialmente fóra dos prazos previstos nos artigos 168 TRLFL e 18.4 do RD 500/1990.
- 2.-O Proxecto do Orzamento da Corporación para o exercicio 2020 preséntase con superávit orzamentario necesario para cubrir o Remanente líquido negativo derivado da liquidación do exercicio 2019 .Con respecto aos gastos públicos en xeral o concello deberá axustar todo tipo de gastos aos créditos orzamentarios dispoñibles, axeitados e suficientes para cada programa e manter, durante todo o exercicio, unha política estricta de control de gastos. Por outra banda, e en materia de ingresos deben seguirse criterios de prudencia, tanto no momento de elaboración do orzamento como na súa execución. Que non se cumpran as previsións de ingresos suporía un resultado negativo nas magnitudes presupostarias, resultado presupostario e remanente líquido de tesourería.
- 3.-O órgano competente para a súa aprobación inicial é o Pleno da Corporación, co quórum de "maioría simple".
- 4.-O procedemento para a súa aprobación é o descrito neste informe."

Logo de someterse o expediente do proxecto de orzamento para 2020 (en canto ás materias obxecto de negociación -segundo o establecido no texto vixente do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público- relativas ao persoal do Concello), á mesa de negociación realizada o 05 de xuño de 2020.

Logo de corrixiarse pola Intervención (por advertirse nesa reunión da mesa de negociación) os erros materiais existentes na documentación sometida a tal mesa (inclusión no catálogo , no apartado doutro persoal laboral, de "1 Técnico Informático", en aplicación da correspondente sentenza emitida na materia, e de "8 Limpadoras" en lugar das sete contempladas. As devanditas correccións tamén se aplican no anexo de persoal.

O Pleno do Concello (logo da emisión de ditame favorable á proposta pola Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, na súa sesión extraordinaria do 10 de xuño de 2020), na sesión 4/2020, extraordinaria, do 15 de xuño de 2020, aprobou inicialmente a proposta de orzamento xeral do Concello de Carral para 2020. En cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

en adiante), previo anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 91, do 19 de xuño de 2020), espúxose ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello o 19 de xuño de 2020, polo prazo de quince días (até o 13 de xullo de 2020).

Segundo o informe emitido con data do 16 de xullo de 2020 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello durante o devandito prazo de quince días (até o 13 de xullo de 2020), os/as interesados/as segundo o artigo 170.1 TRLRFL puideron examinar o expediente, e presentáronse no rexistro xeral do Concello as seguintes reclamacións:

Interesado/a	Nº rexistro	Data de presentación
José Luis Fernández Mouriño, voceiro grupo municipal PP	202000000001005, 03-07-2020	03 de xullo de 2020
Rebeca Rivera Sar	202099900000223, 10-07-2020	10 de xullo de 2020
Lourdes Pedrazuela Bea, e/r Unión Sindical Obrera (USO)	SIR 200111565900, 13-07-2020	13 de xullo de 2020

Con data do 17 de xullo de 2020, a señora Interventora do Concello, emite informe no que analiza as reclamacións presentadas e conclúe que "(...) **CUARTO.- Conclusións.** En conclusión, esta Intervención informa que, en base aos argumentos expostos, procedería a desestimación de tódalas reclamacións presentadas por non atoparse dentro dos motivos numerados no artigo 170.2 TRLRFL."

Logo de ver todo o que antecede, e, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

## ACORDOS


1.- Proceder á desestimación da reclamacións presentadas por non atopárense dentro dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL.

2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2020, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación

Aprobar tamén definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril), e remitir por parte da Intervención do Concello, a través das canles electrónicas disponibles ao efecto, unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL "Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción."

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión 3/2020, ordinaria, realizada o 27 de xullo de 2020, ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, cos votos a favor dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV), e do PSdeG-PSOE (que supoñen oito votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

informativa, mediante acordo plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV, 4 PP e 3 PSdeG-PSOE), e coa abstención do representante do grupo municipal do PP (catro votos, segundo o voto ponderado indicado).


## DEBATE

A señora Guimarey García (AdV-, Alcaldesa en funcións; 1ª Tenente de Alcalde, quen preside a sesión por ausencia do señor Alcalde) explica que, como se indica na proposta, houbo tres reclamacións ao orzamento (do grupo municipal do PP, dunha traballadora do Concello e do sindicato USO) e que, segundo o informe da Intervención, deberían desestimarse. Engade que, se necesitan algún clarexamento, explicaranse por parte da Interventora. Por outra banda, manifesta que lle chamou a atención que o señor voceiro do PP alegase a omisión de crédito necesario para facer fronte a obrigas do Concello esixibles en relación co Consorcio das Mariñas. Explica que non é necesario, xa que se asinou co Consorcio un acordo para o pagamento da débeda pendente en varios prazos, e a contía do primeiro deles xa está prevista no orzamento deste ano. Engade que poden estar tranquilos, porque se vai pagar a débeda que deixou o goberno anterior. Considera irónico que reclamen por unha débeda que se contraeu durante o seu mandato e da que son coñecedores. Por outra banda, roga aos voceiros dos grupos municipais que sexan breves e precisos nas súas intervencións.

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) anuncia o seu voto en contra da proposta xa que, se din que o goberno anterior deixou no Concello unha débeda moi grande, non lle parece ben que o goberno actual se fixase retribucións cun aumento duns 62.000 € anuais.

O señor Couto López (PSdeG-PSOE) opina que, como xa dixo no pleno anterior, é unha mágoa que a COVID marque os orzamentos. Opina que o PP está a "tirar pedras contra o propio tellado do Concello de Carral", e manifesta que non entende por que poñen "zancadillas" en vez de axudar. Engade que o seu grupo preferiría outros orzamentos, mais que non queda máis remedio que aceptar que a pandemia é global e que afecta a todo.

O señor Fernández Mouriño (PP) manifesta que o 21 de setembro de 2019, na páxina do partido político Alternativa dos Veciños de Carral se indicou que cando chegaron os cinco concelleiros ao Concello de Carral se atoparon cunha débeda co Consorcio das Mariñas duns 212.000 €, e que é o único Concello que ten unha débeda semellante. Explica que é falso que os veciños teñan que aboar unhas débedas supostas pola recollida do lixo, e que, na súa opinión, iso amosa que non se ten nin idea de que é o Consorcio das Mariñas, que ten un remanente positivo de máis dun millón de euros. Considera que o seu goberno municipal conseguiu mellorar a calidade de vida dos veciños e un incremento da poboación do municipio. Explica que, en conversacións co Presidente do Consorcio e co anterior (o señor Sacristán, de Culleredo), falando das dificultades de Carral para pagar as súas cotas, houbo consenso para ir pagando a débeda segundo se fose podendo, xa que o Consorcio mesmo tiña diñeiro a prazo fixo. Explica que o 25 de xuño solicitou por escrito documentación sobre a débeda e que, ao ver que non lle contestaban, o día 3 de xullo presentou a reclamación ao orzamento e que foi despois cando o actual goberno municipal falou co presidente do Consorcio para pagar a débeda en catro anos e asinaron un convenio ao efecto o 8 de xullo de 2020. Explica que o seu grupo non ía presentar reclamacións, mais opina que os ningunean e que van



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

mal por ese camiño. Engade que lle doe que se dixese de “*mala leche*” que apareceu esa débeda co Consorcio cando todos pagamos os recibos do lixo, pois parece como se os concelleiros se quedasen cos cartos. Considera que non se debe mentir e que está mal feito.

Engade que sabía que ían asinar un convenio para o pagamento, mais quere que sexan conscientes de que, se lle desen a razón, non terían que telo feito para pagar a débeda en catro anos. Reitera que o 25 de xuño presentou o escrito para que puidesen falar con el, e considera que non pode dicir que había un convenio previo, como dixo o señor Couto [quen indica que el non dixo iso], pois asinouse o 8 de xullo e poderían telo evitado.

A señora Guimarey García indica que no goberno municipal anterior eran coñecedores da existencia da débeda, mais que non fixeran nada ao respecto, e que foi o actual quen tivo que facer o convenio.


A señora Caridad López (AdV) pídelle ao señor Mouriño que coloque ben a máscara e el replica que onte seguiu atentamente os debates no Congreso dos Deputados e que cada un dos deputados estaba no seu posto. Manifesta que non sabe se en Carral hai normas máis estrictas, pois pensa que todos están a máis de dous metros e na Deputación quitan a máscara para falar, ao superar tal distancia. Por outra banda, opina que hai que actualizar nas convocatorias das sesións a normativa vixente na materia pois, na súa opinión, se quedou no 16 de marzo. Por outra banda, opina que o goberno actual tiña que saber a débeda que existía antes de tomar medidas de subida das retribucións dos seus membros “*con tanta alegría*”.

A señora Duarte Gerpe considera que só se debatiu a primeira das tres reclamacións presentadas e a señora Guimarey replica que, se atendeu ao que dixo, xa lles preguntou se tiñan algunha dúbida. A señora Duarte Gerpe indica que só ofreceu explicacións se había algunha dúbida, e pide á señora Guimarey que, se lle dá a palabra, non a interrompa; pregunta a que se refiren as outras dúas reclamacións e por que se propón a súa desestimación.

A solicitude da señora Guimarey, a señora Interventora indica que están explicadas no seu informe e que coida que ningunha delas está baseada nas causas taxadas do artigo 170.2 da Lei de facendas locais, e que por iso se propón a súa desestimación.

O señor Fernández Mouriño puntualiza que, na súa opinión, a reclamación presentada polo seu grupo está dentro das causas legais, mais que se “*subsanou*” mediante o acordo entre o Alcalde e o Presidente do Consorcio. Engade que, na súa opinión, unha das cuestións máis importantes do Concello é a proposta de orzamentos que fai o goberno municipal cada ano e, por tanto, manifesta que non sabe por que o señor Alcalde (a quen viu pola mañá) non preside unha sesión tan importante. Engade que non sabe se é porque lle dá vergoña ou porque non sabe debater. Engade que os veciños deben saber que pagan os seus recibos de lixo relixiosamente e que a débeda co Consorcio das Mariñas non ten nada que ver con iso, polo que o equipo de goberno municipal, na súa opinión, debe ter máis tino cos seus informes e coas “*fake news*”.

### VOTACIÓN E ACORDOS



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por sete votos a favor ( dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral presentes na sesión e dos/as tres do grupo municipal do PSdeG-PSOE), fronte a catro votos en contra ( dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e da señora concelleira non adscrita), adoptando os seguintes acordos:

1.- Proceder á desestimación da reclamacións presentadas por non atopárense dentro dos motivos enumerados no artigo 170.2 TRLRFL.

2.- Aprobar definitivamente o Orzamento do Concello de Carral para 2020, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, resumido por capítulos, para a súa entrada en vigor ao día seguinte a esta publicación

Aprobar tamén definitivamente o plantel ou catálogo de persoal funcionario e laboral que se achegou xunto coa proposta de orzamento, segundo o establecido no artigo 126.1 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en cumprimento do artigo 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril), e remitir por parte da Intervención do Concello, a través das canles electrónicas disponibles ao efecto, unha copia á Administración Xeral do Estado e outra á Xunta de Galicia, simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O orzamento entrará en vigor logo de publicarse na forma prevista. Segundo o artigo 171.1 TRLRFL “*Contra la aprobación definitiva del presupuesto podrá interponerse directamente recurso contencioso-administrativo, en la forma y plazos que establecen las normas de dicha jurisdicción.*”

## Parte da sesión de control dos demais organos da Corporación

### **3.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

A señora Alcaldesa en funcións expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición o considerable número de decretos ditados pola Alcaldía entre o 29 de xaneiro de 2020 e o 27 de xullo de 2020 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno até a convocatoria da presente sesión plenaria) que se indican a continuación, dos que se deu conta ao Pleno.

Asemade, dáse conta de seis reparos suspensivos da Intervención do Concello, e das resolucións (nº 39, 42, 96, 152, 180 e 236/2020) adoptadas pola Alcaldía contrarias a aqueles, polos motivos que nelas se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
35/2020	27/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 2/2020
36/2020	28/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 3/2020




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

37/2020	28/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 4/2020
38/2020	28/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 5/2020
39/2020	29/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE FACTURAS E LEVANTAMIENTO DE REPARO SUSPENSIVO 1/2020
40/2020	29/01/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (VICEPRESIDENCIA E CONSELLARÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA) DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO DO COMPLEXO DEPORTIVO E CULTURAL DE PALEO (ORDE 12 DECEMBRO 2019 CREACIÓN E /OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO PR486A).
41/2020	29/01/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 1/2020
42/2020	29/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES A AO MES DE XANEIRO DE 2020.(REPARO 272020)
43/2020	29/01/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000019575 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
44/2020	31/01/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A IMPARTICIÓN DO CURSO DE PODA
45/2020	31/01/2020	ASUNTO: CESAMENTO DO RÉXIME DE ADICACIÓN PARCIAL NA REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS DO SEÑOR SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE, D. PABLO COUTO LÓPEZ, Á SÚA SOLICITUDE.
46/2019	03/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA (CONTRATO MENOR) MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL Y DEPORTIVO DE AS TRAVESAS, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)
47/2020	04/02/2020	ASUNTO: EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES Nº 27/2017, DIAMANTE DE PROCEDIMIENTO ORDINERIO Nº 72/2013
48/2020	04/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE TAXAS PARA A DOAZÓN DO VEHÍCULO 9169FXF AO CONCELLO DE CARRAL.
49/2020	05/02/2020	ASUNTO: EXPEDICIÓN A D. PABLO GARCÍA SOAGE DE TARXETA DE ARMAS DE AIRE COMPRIMIDO (CATEGORÍA 4.1 TIPO A) PARA CATRO ARMAS.
50/2020	05/02/2020	ASUNTO: EXPEDICIÓN A D. MANUEL LOURO MEIJIDE DE TARXETA DE ARMA DE AIRE COMPRIMIDO (CATEGORÍA 4.2 TIPO B)
51/2020	05/02/2020	ASUNTO: OUTORGAMENTO DE LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS Nº 23 (MARTÍN PATIÑO CAÑÁS)
52/2020	05/02/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 3/2020, ORDINARIA, 06 DE FEBREIRO DE 2020
53/2020	05/02/2020	ASUNTO: REDUCCIÓN HORARIA SEMANAL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D. JESÚS MUIÑO CARIDAD
54/2020	06/02/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE ANTICIPO DE CAIXA FIXO 1/2020.
55/2020	06/02/2020	ASUNTO: REINCORPORACIÓN AO RÉXIME DE ADICACIÓN PARCIAL NA REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS DO SEÑOR SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE, D. PABLO COUTO LÓPEZ, DENDE O 06 DE FEBREIRO DE 2020, Á SÚA SOLICITUDE.
56/2020	06/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD DE LA OBRA MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL CENTRO CULTURAL DE SAN VICENTE, CARRAL (A CORUÑA, GALICIA)
57/2020	06/02/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (FEBREIRO DE 2020).






# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

58/2020	06/02/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 1/2020, XERACIÓN DE CRÉDITOS 1/2020.
59/2020	07/02/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MELLORA VIAIS PARROQUIA DE SANTO ESTEVO DE PALEO (FINANCIADA AL 100%- 52.554,00 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
60/2020	07/02/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MELLORA VIAIS NA PARROQUIA DE SAN VICENTE DE VIGO (FINANCIADA AL 100%- 51.330,00 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
61/2020	08/02/2020	ASUNTO: REANUDACIÓN, TRAS SUSPENSIÓN TEMPORAL, DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE D. MANUEL LÓPEZ MARTÍNEZ
62/2020	08/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA SAÍDA DO CEIP TABELIAO AO PALACIO DA OPERA DIA 13/02/2020.
63/2020	08/02/2020	ASUNTO: PRIVACIÓN PARCIAL DE EFECTOS DO DECRETO 32/2020 (COMUNICACIÓN DE ACCIDENTALIDADE DA SECRETARÍA DO CONCELLO POR AUSENCIA DO TITULAR POR PERMISO PARA CONCORRER A EXAMES FINAIS (ART. 111 DA LEI 2/2015, DO 29 DE ABRIL, DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA)) POR RENUNCIA DO SOLICITANTE AO PERMISO CONCEDIDO PARA OS DÍAS 10 E 11 DE FEBREIRO DE 2020.
64/2020	11/02/2020	ASUNTO: AUTORIZACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 4/2020
65/2020	11/02/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000019709 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
66/2020	13/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DE TAXAS DA XUNTA DE GALICIA POR IMPORTE DE 32,36 €.
67/2020	13/02/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 2/2020
68/2020	13/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, COIRÓS E PADERNE PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO: FORMACIÓN PARA A EMPREGABILIDADE .
69/2020	14/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO AOS DA VIAXE DE IDA E VOLTA DESDE O DESTINO ATA A ORIXE, AOS VOLUNTARIOS DO PROGRAMA ERAMUS +, DON MICHELANGELO CALVARUSO POR IMPORTE DE 186.36 €, E Á VOLUNTARIA DONA MATILDE GIOLLI POR IMPORTE DE 271,78 € .
70/2020	14/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN RECIBO DE ARRENDAMENTO DE VIVIENDA PARA ESTUDIANTES DO PROGRAMA EUROPEO &#8220; CUERPO EUROPEO DE SOLIDARIDADE&#8221; CORRESPONDENTE AO MES DE FEBREIRO DE 2020.
71/2020	14/02/2020	ASUNTO: AGRUPACIÓN COS CONCELLOS DE CERCEDA E TORDOIA PARA A SOLICITUDE DUNHA AXUDA Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA AO ABEIRO DA ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EJERCICIO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO TR331A).
72/2020	14/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, COIRÓS E PADERNE PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		DO PROGRAMA DE EMPREGO PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL TERRAS DO MANDEO.
73/2020	19/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS, COIRÓS, OZA-CESURAS, PADERNE E SADA PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO FORESTAL (2020)
74/2020	19/02/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 4/2020, ORDINARIA, 20 DE FEBREIRO DE 2020
75/2020	20/02/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE PREZO PÚBLICO POR ESCOLAS CULTURAIS E DEPORTIVAS (FEBREIRO 2020)
76/2020	21/02/2020	ASUNTO: APROBAR E PROCEDER A SINATURA DA PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO PARA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DO PLANEAMENTO DO CONCELLO DE CARRAL EN ORDE A CONFIGURAR UN SOLO URBANIZABLE CON ORDENACIÓN DETALLADA NAS TRAVESAS ASÍ COMO INICIO DO TRÁMITE DE AUDIENCIA.
77/2020	24/02/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000019766 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
78/2020	24/02/2020	ASUNTO: PAGO DA SANCIÓN, POR IMPORTE DE 1.501,00 €, A FAVOR DE AUGAS DE GALICIA NO NÚMERO DE EXPEDIENTE RA/AG/CIM/2019/00013.
79/2020	24/02/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 6/2020
80/2020	24/02/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MELLORA VIAIS NO CONCELLO DE CARRAL (LAMAGAL A SANDIÁS, FORNOS E CAMBELA)(FINANCIADA AL 100%- 174.777,18 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
81/2020	26/02/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO 2020.
82/2020	27/02/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 3/2020
83/2020	27/02/2020	ASUNTO: ORDEN DE EJECUCIÓN EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 1/2020
84/2020	28/02/2020	ASUNTO:SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA) DE SUBVENCIÓN PARA O SERVIZO DE POSTA EN VALOR E MANTEMENTO DE ZONAS PÚBLICAS E ESPAZOS NATURAIS AO ABEIRO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR351A)(DOG N° 18 DO 28 DE XANEIRO DE 2020).
85/2020	28/02/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN (MANTEMENTO DO PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO MUNICIPAL PARA O ANO 2020) AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O MANTEMENTO OU CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE DEPORTE EN 2020 (FO106/2020).
86/2020	28/02/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN (MANTEMENTO DO POSTO DE ANIMADOR SOCIOCULTURAL NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2020) AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O MANTEMENTO OU




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

		CREACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL TÉCNICO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE CULTURA EN 2020 (FO206/2020)
87/2020	28/02/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA) DE SUBVENCIÓN PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E LIMPEZA DE MONTES E SILVICULTURA AO ABEIRO DA ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR351G) (DOG Nº 18 DO 28 DE XANEIRO DE 2020).
88/2020	28/02/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 4/2020
89/2020	02/03/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 5/2020
90/2020	02/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO COS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, COIRÓS E PADERNE PARA A SOLICITUDE Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO: REINSERTANDO
91/2020	02/03/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 7/2020
92/2020	02/03/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2020 AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO ANO 2020.
93/2020	03/03/2020	ASUNTO: APROBACION DA LIQUIDACION DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2019.
94/2020	04/03/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE CARRAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PROVINCIAIS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDA A ENTIDADES LOCAIS PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DE 2020 (FONL/2020).
95/2020	04/03/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN (SERVIZO DE SOCORRISMO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DE CARRAL-VERÁN 2020) AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SOCORRISMO DIRIXIDO A CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DO INTERIOR DA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O EXERCICIO 2020 (FO023B/2020).
96/2020	04/03/2020	ASUNTO: LEVANTAMIENTO DE REPARO SUSPENSIVO 3/2020 E APROBACIÓN DE FACTURAS.
97/2020	05/03/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 2/2020, EXTRAORDINARIA, 10 DE MARZO DE 2020
98/2020	05/03/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN DE TAXA POR ABOAMENTOS COMPLEXO DEPORTIVO (MARZO DE 2020).
99/2020	05/03/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI-CONSELLARÍA DE CULTURA E TURISMO) DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE FEBREIRO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2020 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT301A).
100/2020	05/03/2020	ASUNTO: DEVOLUCIÓN DE INGRESOS DUPLICADOS NA EMISIÓN DE RECIBOS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO CORRESPONDENTE AOS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2019, POR PROBLEMAS COA APLICACIÓN INFORMÁTICA EMPREGADA.




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

101/2020	10/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR DE PERSOAL ADMINISTRATIVO NO PROCESO ELECTORAL AUTÓNOMICO NO CONCELLO DE CARRAL ( DE 10 A 12 DE MARZO DE 2020).
102/2020	10/03/2020	ASUNTO: TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000019891 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
103/2020	10/03/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á AGADER DE SUBVENCIÓN PARA A OBRA MELLORA DA SEGURANZA VIARIA EN ESTRADA MUNICIPAL NO TREITO DO LUGAR DO PENEDO AO LUGAR DE LAVANDEIRA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 19 DE DECEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA O PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2020-2021, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), AO ABEIRO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO MR701E)
104/2020	11/03/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE ANTICIPO DE CAIXA FIXA 2/2020.
105/2020	11/03/2020	ASUNTO: CONCESIÓN DE ANTICIPO DE CAIXA FIXA 3/2020.
106/2020	11/03/2020	ASUNTO: APROBACION DO GASTO DE PERSOAL DE ATENCION AO PUBLICO NA CASA DA CULTURA OS DIAS 12,13 E 16 DE MARZO.
107/2020	11/03/2020	ASUNTO: LIQUIDACIÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR-PRESTACIÓNS DE DEPENDENCIA LIBRE CONCORRENCIA DECEMBRO DE 2019
108/2020	12/03/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN-PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE CARRAL (MATERIAS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN - SEGUNDO O ESTABLECIDO NO TEXTO VIXENTE DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO- RELATIVAS AO PERSOAL DO CONCELLO, INCLUIDAS NO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2020).
109/2020	12/03/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 5/2020, ORDINARIA, 13 DE MARZO DE 2020
110/2020	13/03/2020	ASUNTO: MEDIDAS DO CONCELLO DE CARRAL EN RELACIÓN COA EMERXENCIA DE SAÚDE PÚBLICA CAUSADA POLO VIRUS COVID-19
111/2020	16/03/2020	ASUNTO: SUSPENSIÓN DA CONVOCATORIA DO 17 DE MARZO DE 2020 DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN-PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE CARRAL (MATERIAS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN -SEGUNDO O ESTABLECIDO NO TEXTO VIXENTE DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO- RELATIVAS AO PERSOAL DO CONCELLO, INCLUIDAS NO PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA 2020).
112/2020	16/03/2020	ASUNTO: MEDIDAS DO CONCELLO DE CARRAL EN RELACIÓN COA EMERXENCIA DE SAÚDE PÚBLICA CAUSADA POLO VIRUS COVID-19 (2º DECRETO DA ALCALDÍA-16 DE MARZO DE 2020).
113/2020	17/03/2020	ASUNTO: SUSPENSIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MELLORA VIAIS NO CONCELLO DE CARRAL (LAMAGAL A SANDIÁS, FORNOS E CAMBELA) (FINANCIADA AL 100%- 174.777,18 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + ADICIONAL 1/2019, 1ª FASE) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
114/2020	17/03/2020	ASUNTO: XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 3/2020.
115/2020	17/03/2020	XUSTIFICACIÓN DE PAGAMENTO A XUSTIFICAR 4/2020.




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

116/2020	17/03/2020	ASUNTO: APROBACION DA FACTURA DE SANITAS, S.A DE SEGUROS CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO 2020.
117/2020	17/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN E PAGAMENTO DAS FACTURAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DA EMPRESA SIAD24 GALICIA S.L. CORRESPONDENTES O MES DE XANEIRO 2020.
118/2020	18/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DE NÓMINAS MENSUAIS DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO DE 2020.
119/2020	18/03/2020	ASUNTO: EXPEDICIÓN A D. RUBÉN CAAMAÑO RODRÍGUEZ DE TARXETA DE ARMA DE AIRE COMPRIMIDO (CATEGORÍA 4.2 TIPO B)
120/2020	18/03/2020	ASUNTO: INICIACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LA OBRA MELLORA VIAIS NA PARROQUIA SANTA MARIÑA DE BEIRA (FINANCIADA AL 100%- 119.000,00 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2019) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA)
121/2020	18/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A REALIZACIÓN DA INSPECCIÓN REGULAMENTARIA DE BAIXA TENSIÓN NO CPI VICENTE OTERO VALCÁRCCEL.
122/2020	18/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO CORRESPONDENTE AO CONTRATO MENOR PARA A INSPECCIÓN REGULAMENTARIA CONTRAINCENDIOS DO CEIP VICENTE OTERO VALCARCEL.
123/2020	25/03/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2020, INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO DO EXERCICIO ANTERIOR 1/2020.
124/2020	25/03/2020	ASUNTO: MEJORA DE SOLICITUD AL IDAE DE SUBVENCIÓN PARA LA ACTUACIÓN MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL POLIDEPORTIVO DEL C.E.I.P. VICENTE OTERO VALCÁRCCEL. CARRAL (A CORUÑA, GALICIA) REAL DECRETO 616/2017, CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIONES A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020 .
125/2020	26/03/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 9/2020
126/2020	26/03/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 8/2020
127/2020	26/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN PRIMEIRA DA OBRA PAVEMENTACIÓN E BEIRARRÚAS RÚAS EN PALEO (CORRESPONDENTE ÁS RÚAS RÍO DA MELRA, ALCALDE FRANCISCO XAVIER ALVAJAR, MANUEL FERROL E MANUEL JESÚS MÉNDEZ BÚA, EN PALEO, CARRAL (FINANCIADA AL 100%- 198.304,46 €- A TRAVÉS DEL PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. PLAN ÚNICO DE CONCELLOS (POS + 2018) DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).
128/2020	26/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A ADQUISICION DE PRODUCTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE PARA EMERXENCIA SOCIAL ORIXINADA POLA CRIDE SANITARIA DO COVID-19.
129/2020	27/03/2020	ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIA SEMANAL DE URXENCIA NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE Dª Mª LUISA FERREIRO MOURIÑO
130/2020	27/03/2020	ASUNTO: CONCESIÓN URXENTE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA) A D. JOSÉ LÓPEZ ANDRADE.
131/2020	30/03/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 10/2020
132/2020	30/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA TRABALLOS DE ELECTRICIDADE NO CEIP




# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

133/2020	31/03/2020	VICENTE OTERO VALCÁRCCEL. ASUNTO: EMENDA DE SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA (ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA) DE SUBVENCIÓN PARA O SERVIZO DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS E LIMPEZA DE MONTES E SILVICULTURA (ORDE DO 20 DE DECEMBRO DE 2019 FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)2020 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR351G) .
134/2020	31/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN RECIBO DE ARRENDAMENTO DE VIVIENDA PARA ESTUDIANTES DO PROGRAMA EUROPEO "CUERPO EUROPEO DE SOLIDARIDADE" CORRESPONDENTE AO MES DE MARZO DE 2020.
135/2020	31/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA LEVAR A CABO A LIMPEZA DE PISTAS E BEIRAVÍAS MUNICIPAIS.
136/2020	31/03/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE SEGURIDADE DE OBRAS, ROPA DE TRABALLO, EPIS...
137/2020	01/04/2020	ASUNTO: SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL (PEL CONCELLOS) MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANUALIDADE 2020
138/2020	01/04/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA O ALUGUER DE PEQUENA MAQUINARIA.
139/2020	02/04/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A SUBMINISTRACION DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN E FERRETERÍA.
140/2020	02/04/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA O SUBMINISTRO DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN E FERRETERÍA E FONTANERÍA.
141/2020	02/04/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA O MANTEMENTO ELÉCTRICO DA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO.
142/2020	02/04/2020	ASUNTO: APROBACIÓN DO GASTO PARA A SUBMINISTRACION DE MATERIAL DE OBRAS E FERRETERÍA, TORNILLERÍA E PEQUENOS ÚTILES.
Polo tanto, non hai mais tempo que perder e o Goberno central debe asumir como máxima prioridade a aprobación urxente dos mecanismos que permitan contar cun prezo eléctrico competitivo e estable para a factoría de Alcoa San Cibrao e o conxunto da industria electro intensiva galega para que poidan operar en igualdade de condición co resto de Europa.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes ACORDOS:

- Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
  - Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electrointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.
  - Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electrointensivas.
  - Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisión de CO2.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.

En Carral, a 15 de xuño de 2020

José Luis Fernández Mouriño”.


O señor Fernández Mouriño (PP) manifesta que parece que a Galicia “lle tocou a negra”, con Meirama, Endesa e agora Alcoa. Explica que a dirección da empresa considera que non é rendible se o Estado non facilita o seu funcionamento. Engade que é a empresa de aluminio máis importante de Europa, e que hai que solidarizarse co seu persoal pois, o que lle pase, afecta á súa comarca e a toda Galicia. Recoñece que hai outras empresas máis pequenas, pero igual de importantes, con problemas, sobre as que non se presentan mocións, mais coida que, se esta empresa pechase, os efectos serían moi perxudicias non só na Mariña, senón en toda Galicia e España. Por iso, considera que se debería negociar por parte do Goberno da Nación para tentar que non se peche, e evitar os prexuízos para os postos de traballo e a riqueza.

O señor Couto López (PsdeG-PSOE) opina que a situación é unha mágoa e que é moi importante para San Cibrao, que xa se viu afectado por penurias económica e polo virus, nunha problemática moi complexa. Considera que o Goberno da Nación xa está a traballar arreo para buscar solucións e que o Concello de Carral pode solidarizarse, mais pouco máis pode facer. Considera que a moción só debería propoñer que se diga que o Concello apoia aos traballadores de Alcoa. Considera que é moi complexo crear un novo réxime de industrias electrointensivas e que tampouco o goberno de Rajoy foi quen de facelo, e que, ademais, hai que ter en conta que se trata dunha empresa dos Estados Unidos e que hai outras suecas e norueguesas que teñen enerxía máis barata para procesar a alumina. Opina que España non debe quedar sen producir aluminio, pois é un material estratéxico para o país. Por todo iso, opina que se debería apoiar sen máis debate, se se propuxese aprobar que o Concello de Carral apoia aos traballadores de Alcoa e que se busque unha solución para a súa problemática.

Sometida pola Señora Alcaldesa en funcións a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión (catro do grupo municipal de AdV, tres do PsdeG-PSOE, tres do grupo municipal do PP e da señora concelleira non adscrita), polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

## DEBATE

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) indica que, nas mocións, hai que votar a urxencia e, se prospera, pasar ao seu debate, e coida que hai xente que non o está entendendo. Engade que ten dereito a ter copia de todas as mocións e que tiveron tempo de deixarlles copias dende febreiro. Engade que non ten presa por marchar mais que, na súa opinión, non procedería o debate do señor Couto antes de votar a urxencia. [O señor Couto opina que parece que sempre lle quere “buscar tres pés ao gato”].



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


O señor Fernández Mouriño indica que el só xustificou a urxencia e que non falaron da moción, mais opina que o señor voceiro do PsdeG-PSOE sabe do que se fala. Explica que a empresa produce aluminio primario para toda España e Europa, e que se trata dun sector no que hai moita competencia. Indica que, polo alto prezo da corrente, semella que non está a ter beneficios e coida que, por iso, habería que tentar facer a electricidade máis barata para que a empresa siga sendo competitiva, e tamén pensando no medio ambiente. Considera que, se a empresa pechase, sería moi prexudicial para a Mariña, e para toda Galicia e España. Opina que non é unha moción política, pois afecta a todos os galegos e españois, e que, se o Estado e a Xunta de Galicia poden facer algo, deberían facelo. Engade que non entende por que non votaron directamente a moción ao apreciar a súa urxencia.

O señor Couto coida tamén que debería terse votado unanimemente por aforrar, e que o importante non é discutir coa señora Duarte, se non apoiar aos traballadores de Alcoa. Engade que, na súa opinión, o ideal sería que pasase a mans do Estado para que buscasse unha solución.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as once señores/as concelleiros/as presentes na sesión, adoptando os seguintes acordos:

- 1.-Manifestar o apoio da institución aos traballadores e traballadoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- 2.-Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego, que inclúa as seguintes medidas:
  - Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de Consumidores Electroativos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia e pola propia industria electrointensiva.
  - Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos, co mesmo importe que o pasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electroativas.
  - Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisión de CO2.
  - Elaborar un plan específico para este sector co obxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e resiliente.
- 3.- Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e a súa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Bello Hermida (AdV) explica que no orixinal da moción presentada polo seu grupo aparece ben o cuño do rexistro de entrada, aínda que non nas copias (aparece 9 de xullo en lugar de 29 de xullo), porque non se cuñou ben, e pide que non se lle bote a culpa ao Secretario, pois as copias da moción as puxo el nos postos dos señores concelleiros. O señor Fernández Mouriño (PP) replícalle que, ata agora, ninguén culpou ao Secretario de nada. A señora Guimarey García (AdV), por outra banda, explica que as copias das mocions presentadas estaban no expediente da sesión, ao que o señor Fernández Mouriño replica que a presentada pola Alternativa dos Veciños non.

## 4.3.-Moción do grupo municipal do PP “para instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das entidades locais”.

### EXPOSICIÓN

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) presentou por escrito (registro de entrada nº 1.150, do 23 de xullo de 2020) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE CARRAL, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS.**

O Grupo Municipal Popular no Concello de Carral conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia provocada polo virus COVID-19 as entidades locais puxeron en marcha medidas -adiantándose en moitos casos ás decisións tomadas polo goberno central para conter a expansión do virus e preservar a saúde de empregados públicos e veciños. Tamén foron pioneiras en poner en marcha medidas para paliar os efectos da crise sanitaria, social e económica derivada da pandemia.


O extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL. poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional senón que as entidades locais fan uso dos seus “aforros”, porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira (LOEPSF) -e por tanto impide a moitas entidades locais facer facer uso do superávit ou lles obriga a amortizar debida, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma- e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, de todos os veciños, as entidades locais.

É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais - de todo signo político - a través dos órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- 1.-Flexibilizar a Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira (LOEPSF) para que todas a EE.LL. poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesoureira – os seus “aforros, os “aforros dos veciños”- xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro, contra a pandemia e despois, contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma; sen poner en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.
- 2.-Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.
- 3.-Prorrogar os prazos par que as entidades locais poidan executar os Investimentos Financieros Sostibles, financiadas con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos como consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.
- 4.-Creación dun fondo de 5.000 millóns de axudas directas e sen condición ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL. na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas petición tivo resposta por parte do Goberno de España. Un gobernó que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas EE.LL. así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os concellos e deputacións do noso país.

O gobernó pretende que os concellos e gobernos provincias préstémolle “a totalidade” dos aforros acumulados durante os 8 últimos anos e, a cambio, soamente permitirálleos gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños e exclusivamente naquelas actuación que previamente definiu o goberno.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúese varias das medidas solicitadas polas EE.LL. nestes meses que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros no municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión das entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Por estas razón, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno do Concello de Carral a adoptar os seguintes:

## ACORDOS

### Manifestar:

- 1.-O compromiso do Concello de Carral, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

2.-O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscrición de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

## **Instar ao goberno de España a:**

3.-Respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4.-Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5.-Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificación no Congreso dos Deputados ou ante os órganos do goberno na FEMP, lexítimos representantes das EE.LL e dos españois.

6.-Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordó consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordó ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Monstra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

A Coruña, a 23 de xullo de 2020.

O PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE CARRAL

Asdo.- José Luis Fernández Mouriño


Portavoz do Grupo Popular.”.

O señor Fenández Mouriño (PP) explica que, a pesares de que o Concello de Carral non ten remanente, porque “*administra ben*”, a normativa creada por Montoro, na súa ooinión, acabou con atribucións dos concellos e non lles deixou utilizar tal remanente. Explica que, aínda que Montoro fose do PP, debe solicitarse que non se reste aos Concellos o que lles pertence, e que poidan xestionar os seus recursos para realizar as súas atribucións. Explica que, por exemplo, a lei prohibe contratar máis persoal para a área de servizos sociais ou para outras nas que hai necesidade de atender aos veciños. Explica que, do que se trata, é de pedir que os concellos poidan dispoñer dos seus recursos sen ter que dar tantas contas ao estado.

Sometida pola Señora Alcadesa en funcións a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por oito votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV presentes na sesión, dos tres do grupo municipal do PP presentes na sesión e da señora concelleira non adscrita) e coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE, polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

## **DEBATE**





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Fernández Mouriño indica que quizais Europa esixe ao Estado ter máis liquidez, mais lembra que é o propio Presidente da FEMP e Alcalde de Vigo o que está a reivindicar que se poida usar o remanente de tesouraría positivo, e manifesta que espera que siga mantendo a súa perseverancia.

O señor Couto López (PSdeG-PSOE) anuncia a abstención do seu grupo, pois lembra que tanto a Fegamp coma a FEMP e o Goberno do Estado están presididos por membros do PSOE, e o asunto está en negociacións. Opina que tanto o presidente da FEMP coma o da Fegamp son bos negociadores e que, para poder mellorar esta situación de crise, van ser necesarios moitos investimentos. Manifesta que está de acordo coa eliminación da regra de gasto, mais amosa a súa confianza en que as negociacións ao efecto chegarán a bo termo.

## VOTACIÓN E ACORDOS


Sometida a votación, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por oito votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV presentes na sesión, dos tres do grupo municipal do PP presentes na sesión e da señora concelleira non adscrita) e coa abstención dos/as tres señores/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE, adoptando os seguintes acordos:

### Manifestar:

- 1.-O compromiso do Concello de Carral, coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.
- 2.-O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

### Instar ao goberno de España a:

- 3.-Respectar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.
- 4.-Atender as demandas das EE.LL., especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesouraría para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

5.-Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais valide ditas modificación no Congreso dos Deputados ou ante os órganos do goberno na FEMP, lexítimos representantes das EE.LL e dos españois.

6.-Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordó consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordó ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Monistra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

**4.4.-Moción do grupo municipal do PP "para acordar a cración e composición dunha comisión informativa a efectos de investigar as actuacións relacionadas coa obra de acceso ao Instituto de Carral".**

### EXPOSICIÓN

O señor Barbeito Rey (grupo municipal do PP) presentou por escrito (registro de entrada nº 1.149, do 23 de xullo de 2020) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

*"Carlos Barbeito Rey, concelleiro do Grupo Municipal Popular, ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento, Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico, formula, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o vindeiro día 30 de xullo, a seguinte MOCIÓN:*

**Que se acorde a creación e composición de unha Comisión Informativa a efectos de investigar as actuacións relacionadas coa obra de acceso o Instituto de Carral.**


23 de xullo de 2020

Asdo.

Carlos Barbeito Rey

Concelleiro do Grupo Municipal Popular".

O señor Fernández Mouriño (PP) amosa a súa sorpresa pola aparición en redes sociais de información segundo a cal non se tería gastado todo o diñeiro previsto para unha obra de 2009 ou 2010. Indica que mañá pedirá que lle pasen o expediente completo, e indica que considera grave que se estea a vulgar os feitos indicando que no quedarán impunes e que se tería xogado coa seguridade dos peóns e que faltaría parte do diñeiro. Por outra banda manifesta que lle sorprende que o equipo de goberno siga dicindo que o Concello está endebedado, mentras anuncia na súa páxina web a contratación de servizos de avogacía e procuraduría (ademais de acudir á Fiscalía) contra o Alcalde que fixo a obra, nun asunto que xa se tentou hai anos. Manifesta que antes, cando se vían anomalías, se cudía á Deputación, que para iso ten un servizo xurídico polo que se paga, mais que agora parece ser que hai que facelo rápido porque non se sabe se caduca. Engade que falan de transparencia e que o contrato menor que pretenden sácase por 14.900 € + IVE que se repercutirán nos veciños. Inica que nos 16 anos en que estivo coma Alcalde xamais se lle ocorreu facer algo así ou sacar publicidade sobre que o PXOM vai ser aprobado, cando está igual que hai un ano. Opina que, se son actuacións dun partido político, non deberían selo do equipo de goberno municipal,



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


e sorpréndelle que, mentres, se diga que non hai diñeiro. Reitera que hai unha técnica xurídica no Concello e que a Deputación presta servizos xurídicos gratis, mentres se sacan unhas “bases” para contratar avogado e procurador. Critica que, mentres falan de transparencia, en tales “bases” o prazo remataba o domingo 26 de xullo ás 12 da noite, sendo o 25 de xullo o día da Patria Galega, e que o profesional elixido ten que ter, polo menos, cinco anos de experiencia en materia Penal. Indica que imaxina que a obra a faría unha empresa e non o Alcalde. Pide que non lle volten decir aos vecinos que non hai cartos, do mesmo xeito que critica que, na obra que se está a realizar na Costa do Pincho, levan varias semanas quitando e poñendo unha lona (aínda que manifesta que lle parece ben a obra). Opina que o equipo de goberno debe “cambiar o chip”, pois esa actitude vai ir en contra deles. Explica que, na moción, o presidente do PP de Carral pide que se cree unha comisión informativa para investigar o procedemento, e opina que se debe crear con representantes de todos os grupos e chamar a declarar a todos os involucrados. Manifesta, asemade, a súa sorpresa por que, segundo as bases indicadas, ás 12 da noite haxa que falar do contrato de avogacía e procuraduría proposto coa señora Guimarey, e non coa Secretaría ou co rexistro do Concello.

A señora Guimarey García (AdV) opina que nin se debería valorar a urxencia da moción, pois o asunto non se debería tratar no Concello, senón nos Xulgados, onde xa está. Explica que querían rematar as beirarrúas cun acordo cos veciños, mais foron informados de que existía un expediente de solicitude dunha subvención para facelas. Engade que o equipo de goberno, e non o partido político, apreciou que podería haber indicios de fraude na subvención, falsidade documental ou malversación e que, se ben o fraude xa tería prescrito aos cinco anos, o grupo de goberno está a estudar persoarse na causa con avogado e procurador e que, para maior transparencia, anunciouse na páxina web do Concello. Explica que a presentación de ofertas por medios telemáticos pode ser a calquera hora do día. Engade que entende que lle choque ao señor Mouriño o anuncio na páxina web, porque el non tiña costume de facelos de xeito transparente e público. Explica que o contrato ten dúas fases: Inicialmente un estudo previo que avale seguir adiante ou non, para non “xogar cos cartos dos veciños” que din que lles preocupan. Reitera que, na súa opinión, non é necesaria ningunha comisión, pois o asunto debatirase onde toca, que é no xulgado. Coida tamén que o señor Mouriño non leu ben o anuncio, pois nel fíxase 14.900 € coma o prezo máximo, e explica que as ofertas que se presentaron distan moito de tal cantidade. Explica que o adxudicatario se escollerá con criterios dun informe xurídico e que o seu nome só se indicaba para explicar aos licitadores interesados dúbidas ou detalles, pois houbo xente que chamou e outros viron o expediente.

O señor Couto López (PsdeG-PSOE) anuncia o voto en contra do seu grupo. Opina que os servizos xurídicos que alertan das irregularidades “non se poden poñer de perfil”, e que se debe aclarar a cuestión. Opina, ademais, que, antes de actuar, habería que falar coa empresa e cos técnicos e non se fixo.

O señor Mouriño replica que, na súa opinión, non hai transparencia se o prazo acaba un domingo ás 12 da noite, e o día anterior é o 25 de xullo, e coida que hai que respectar os días inhábiles. Considera que o equipo de goberno non ten interese en ver que pasou coa obra, xa que foi directamente á Fiscalía. Engade que o asunto xa o denunciou a título particular un concelleiro do PSOE hai 10 anos e non prosperou. Reitera que vai solicitar o expediente e espera que estea. Por outra banda, indica que, cando se trata de Orca, non se saca a concurso un contrato menor de menos de 15.000 € e pregunta de quen é esa empresa.

Sometida pola Señora Alcaldesa en funcións a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada por sete votos en contra (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupos municipais de AdV



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

presentes na sesión e dos tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, fronte a catro votos a favor (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión e da señora concelleira non adscrita), polo que non se pasa ao debate e votación da moción presentada.

O señor Fernández Mouriño manifesta que, na súa opinión, á vista do resultado, non queren que se investigue o tema.

## 4.5.-Moción do grupo municipal da AdV relativa a unha “concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto”.

### EXPOSICIÓN

O señor Bello Hermida (grupo municipal da AdV) presentou por escrito (registro de entrada nº 1.186, do 29 de xullo de 2020, se ben nas copias realizadas indícase por erro 09 de xullo) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

“Francisco Javier Bello Hermida como voceiro do Grupo Municipal de Alternativa dos Veciños, ao abeiro do disposto no Regulamento Orgánico do Concello de Carral, presenta para a súa aprobación polo Pleno esta moción:

#### Concentración contra a lei Montoro e a regra de gasto

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*Alternativa dos Veciños leva anos denunciando a situación que veñen vivindo os concellos de toda España, que lles impide a utilización de fondos incluídos como remanentes e que se foron orixinando polos superávits desde a coñecida lei Montoro do 2012, na que se fixaba unha regra de gasto que limitaba o gasto anual de cada municipio.*

*Esta lei, amplamente criticada por todos os partidos políticos do estado, compriméndose case todos eles a eliminala se gobernases ou cogovernases; non só non se eliminou, senón que agora preténdese baleirar as arcas a todos aqueles concellos que temos acumulado o remanente desde a entrada en vigor da citada lei. No caso do Concello de Carral, o remanente é negativo, na Deputación Provincial de A Coruña, 70 millóns de euros, e o superávit do pasado exercicio de máis de 20 millóns de euros. O anuncio do que vai vir, vén da man do presidente da FEMP, o señor Caballero, por certo un dos máis intransixentes, cando gobernaba o Partido Popular. Non queremos pensar nos investimentos en infraestruturas que podería levar o municipio de Vigo polos servizos prestados, no caso de que a FEMP pacte co goberno o que pretenden.*

*Os cartos das administración locais non son do Estado. O Goberno da Nación non pode usurpalos, para supostamente, devolvérolos en dádivas ao longo de 10 anos. Estamos a asistir a un xogo de “trileiros”, no que o gancho é o presidente da FEMP e Alcalde de Vigo.*


##### ACORDOS

*Por todo iso propoño ao pleno do Concello de Carral, que desde a alcaldía, se convoque a todos os membros desta corporación para manifestarse ante a porta da Casa do Concello ás 12:00 horas do próximo 7 de agosto, para reclamar a eliminación da lei Montoro e da regra de gasto. No caso de que a Deputación provincial acorde cambiar a data desta convocatoria para outro día, trasladárase ese cambio para coincidir con todos os municipios da provincia.*

*En Carral, a 27 de xullo de 2020*

Asdo:

Francisco Javier Bello Hermida



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Voceiro do Grupo Municipal da Alternativa dos Veciños”.

O señor Bello Hermida (AdV) explica que a moción do seu grupo se refire á manifestación do 07 de agosto, promovida pola Deputación, para que o Alcalde do Concello de Carral convoque a asistencia a ela.

Sometida pola Señora Alcadesa en funcións a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por oito votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupos municipais de AdV presentes na sesión e dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión), fronte a tres votos en contra (dos tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE) e coa abstención da señora concelleira non adscrita, polo que se pasa ao debate e votación da moción presentada.

## DEBATE

O señor Couto López (PSdeG-PSOE) manifesta que o seu grupo vai votar en contra da moción, a pesares de que votou a favor da presentada anteriormente polo PP sobre a mesma temática, pois non comprende moi ben como se puido redactar falando de Abel Caballero con termos como “gancho” ou “trileros”. Engade, ademais, que a manifestación non está promovida pola Deputación.

A señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita) explica que se abstivo na votación sobre a urxencia da moción, mais que vai votar en contra dela, pois pensa que o goberno de AdV está acostumado ás manifestacións mais, na súa opinión, a xente dáse de conta de que a están a utilizar. Explica que, en 16 anos co PP, só se manifestou unha vez pola farmacia de Tabeaio, mais que ten máis cousas que facer.


O señor Fernández Mouriño (PP) anuncia o voto en contra do seu grupo, pola forma de presentala e por usar termos coma “trileros” que lle fan opinar que queren trasladar a “*anarquía de Oleiros*” a Carral. Pide aos que presentan a moción que sexan serios e que non se deixen manipular. Considera que o Alcalde de Oleiros vai presentala tamén mañá no Pleno da Deputación e que a van desestimar polos descalificativos utilizados. Explica que non foi a unha manifestación nunca na vida e que non irá, pois coida que os asuntos arréganse falando nos despachos con documentación, e non con “*feiras nin bailoteo*”. Opina que lles vai mal trasladar a Carral a “*anarquía de Oleiros*”, e que non é valente utilizar á xente e que se di que o Alcalde é unha “*gran persoa*” mais non aparece neste pleno ordinario, cando podería ter comezado mañá as vacacións ás que ten dereito. Considera que esta moción é un insulto á intelixencia de calquera persoa que estea aquí sentada, e que, aínda así, preséntana por rexistro.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, esta é rexeitada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por sete votos en contra (dos/as tres señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, dos/as tres señores/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE e da señora concelleira non adscrita) fronte a catro votos favorables dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal de AdV presentes na sesión.

## 5.-ROGOS E PREGUNTAS.

A señora Guimarey García (AdV), Alcadesa en funcións na data, pide brevidade na formulación dos rogos e preguntas.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### 5.1.-Rogos e preguntas da señora Duarte Gerpe (concelleira non adscrita)

1.- A señora Duarte Gerpe manifesta que houbo publicacións na páxina web do Concello nas que se indicaba que a Xunta de Galicia deixaría sen comedor aos nenos e pregunta, en relación con tal cuestión, que votou a señora Concelleira de Educación no Consello Escolar. Manifesta que lle parece vergoñento que se chamase á ANPA a asistir a unha manifestación contra a Xunta de Galicia cando, na súa opinión, quedou claro que habería 355 prazas de comedor que non se recortaron. Opina que non se pode caer máis baixo e que poden seguir enganando, mais que a maioría dos veciños xa non se enganan. Considera que os membros do equipo de goberno municipal van aos sitios e “non saben ao que van” e, na súa opinión, non defenden os intereses de Carral. Considera que aos veciños lles dá vergoña o que votaron e pregúntase como é posible trasladar a información de que os rapaces quedarían fóra.

A señora Caridad López (AdV), Concelleira de Educación, Sanidade e Igualdade manifesta que o voto é secreto e que, se a señora Duarte xa o sabe, non ten que preguntar. Explica que, se a señora Duarte non leu o protocolada Xunta de Galicia sobre os requisitos pola COVID, non saberá que, a 1,5 metros de distancia, só hai cabida para “cento e pico” nenos. Explica que ela falou co Inspector, pois non “berra nin monta números nos despachos”, e que sacaron unha lista cumprindo as devanditas normas e protocolo COVID. Engade que non lle vai dar clases á señora Duarte para interpretar o que sae na prensa, pois coida que é problema seu. Explica que se pretende que todos os nenos poidan comer, mais que no borrador se falaba de quendas e que se autorizou unha, e coida que, se callar, a señora Duarte teña máis información privilexiada. Explica que, a día de hoxe, non se sabe como vai ser o turno e que ela durme tranquila coa apreciación que fai, pois sabe o que traballa e sempre de maneira respectuosa (e indica que a señora Duarte sabe por que llo di). Manifesta que ela sabe o que fala co Inspector todos os días, e que non sabe se a oposición ten máis información e engade que pode excusar as súas críticas, que non lle afectan.

A señora Duarte replica que, aínda que a señora Caridad di “nós...nós...”, ela é a representante do Concello no Consello Escolar, e opina que non fai nada, pois foi a Dirección do Centro a que fixo a proposta e ela simplemente votou. Indica que, se fose ela a que estivese alí, non apoiaría a proposta de excluír a alumnos, pois hai unha aula multiusos se os comedores non son suficientes. Manifesta que ela ten os seus contactos para falar con todas as Administracións, e que fala a todos con respecto, mais que non vai aplaudir que enganen aos veciños. Indica que hoxe dixeron na televisión que os centros teñen que usar todos os locais de educación ou doutras Administracións Públicas. Engade que non coñece a este Inspector mais que, cando no Colexio de Carral houbo necesidades, o goberno municipal anterior preparou aulas para o que fixese falla. Conclúe dicindo que non a vai menosprezar, mais que ten que defender o interese dos pais e do equipo directivo, e opina que ningún Concello da contorna ten o caos do Concello de Carral.

A señora Caridad López explica que a proposta foi consensuada coa Inspección, ao que a señora Duarte replica que miente ou, se non, que lle mentiron a ela.

### 5.2.-Rogos e preguntas do señor Fernández Mourinho (grupo municipal do PP)

O señor Fernández Mourinho indica que, ao non estar o señor Alcalde, non vai facer preguntas. Manifesta que, en 16 anos que foi Alcalde, faltou a tres plenos, e nunca por vacacións ou a unha sesión ordinaria.



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Ás **21:58** horas, a Sra Alcadesa en funcións remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval